



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expte: 2021000041997

RESOLUCIÓN POLA QUE APROBA A SELECCIÓN DE EXPOSITORES QUE SE PODEN ACOLLER AO FINANCIAMENTO DUN STAND NO CULTURGAL 2021

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Antecedentes

Primeiro.- Mediante Resolución de Presidencia número 37526 de data 24 de setembro de 2021 aprobaronse as Bases para a selección de expositores que se poden acoller ao financiamento dun stand no CULTURGAL 2021, dirixidas a entidades culturais sen ánimo de lucro e a empresas do sector cultural. Estas Bases foron publicadas no BOP número 185 do 28 de setembro de 2021, rematando o prazo de presentación de solicitudes o día 13 de outubro de 2021, ás 14:00 horas.

As citadas bases establecen no apartado 4 as seguintes condicións e obrigas:

- As entidades ou empresas adjudicatarias do stand poderán contratar a maiores melloras no stand (mobiliario, maior espazo) para o que deberán dirixirse directamente á Asociación Cultural, organizadora da Feira.
- En ningún caso a Deputación aboará gasto algún derivado das posibles melloras que realicen os expositores.
- A ubicación dos postos será coordinada pola propia entidade organizadora do evento cos diferentes expositores e de acordo aos criterios que estableza o propio CULTURGAL.
- As entidades ou empresas seleccionadas deberán colocar en lugar visible o logotipo da Deputación Provincial da Coruña no formato que se lles proporcionará no momento da resolución das axudas.
- As entidades ou empresas seleccionadas deberán utilizar no conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) a lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.
- As adjudicacións serán persoais e intransferibles.
- O incumprimento dalgunha das obrigas conlevará o pago total do aluguer do stand por parte da entidade ou empresa incumpridora.

Visto o informe de Servicio de Acción Social, Cultura e Deportes

RESOLVO:

1º.- Aprobar a seguinte selección de expositores para o financiamento dun stand no CULTURGAL 2021

Entidade	NIF	MARCA
Asociación Semente Trasancos	G70408133	Escolas sementes
Baía Edicións A Coruña, S.L.	B15635246	Baía Edicións
Carapaus S.C.	J70455126	Carapaus SC
Edicións Embora S.L.	B70472972	Edición Embora
Fundación Eduardo Pondal	G70262951	Festiletras
Fundación Praza Pública	G70319116	Praza Pública
Fundación Rosalía de Castro.	G15040850	Casa Rosalía
Iria Ribadomar Molina	***7219**	Deica Creacións
Irmás Cartoné S.L.	B70400247	Irmás Cartoné
Jose Manuel Salvado Sanín	***9020**	Sanín percusión tradicional

2º.-Dispor a publicación da resolución na páxina web da Deputación provincial da Coruña www.dacoruna.gal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.